RESUMO DE CONTIDOS

Índice

1. O Estado son eu: a monarquía absoluta....2
2. Un pobo sometido: a sociedade estamental....2
3. A Ilustración: a luz do coñecemento....2
Principais características da Ilustración....3
Principais pensadores e ideas....3
As mulleres no Século das Luces....4
4. O despotismo ilustrado....5
5. Unha arte, unha época....6
A arte como expresión dunha nova época: rococó, Neoclasicismo e Romanticismo....6
Un artista atemporal: Goya....9

cREAgal

1. O Estado son eu: a monarquía absoluta

Neste apartado veremos as **características da monarquía absoluta**, na que a persoa monarca concentraba nas súas mans os tres poderes: lexislativo, executivo e xudicial.

- As monarquías absolutas desenvolvéronse a partir do século XVII, alcanzando o seu máximo esplendor en case toda Europa no século XVIII.

A relixión católica xustificaba as monarquías absolutas, afirmando que:

- O seu **poder proviña de Deus**.
- As persoas que reinaban eran o **representantes de Deus na terra**.
- **Atacar a unha raíña ou rei absoluto** era como atacar a Deus.
- As raíñas e os reis absolutos só **rendían contas a Deus**.

As raíñas e reis absolutos **posuían os tres poderes**:

- **Executivo,** dirixindo o goberno do Estado e tomando todas as decisións políticas.
- **Xudicial**, xa que as raíñas e reis podían xulgar directamente a calquera persoa. As decisións xudiciais tomábanse no seu nome.
- **Lexislativo**, xa que as súas decisións eran lei. Podían elaborar, modificar ou derrogar calquera lei.

2. Un pobo sometido: a sociedade estamental

A sociedade do Antigo Réxime **dividíase en dous grupos**:

- **Os privilexiados**, clero e nobreza, que tiñan poder, riqueza e todos os dereitos. Este grupo posuía a maior parte das terras e vivían das rendas que lles cobraban ao campesiñado. Non pagaban impostos.
- **Os non privilexiados ou terceiro estado**, onde estaban o campesiñado, as clases populares urbanas e e a burguesía. Este grupo constituía a maior parte da poboación e era o que sostiña o Estado, co pago de impostos e rendas.

3. A Ilustración: a luz do coñecemento

A Ilustración foi un movemento cultural, intelectual e político que se desenvolveu en Europa ao longo do século XVIII, coñecido tamén como o **Século das Luces**. Recibe este nome porque defendía que a razón era a “luz” capaz de iluminar a sociedade e acabar coa ignorancia, a superstición e o fanatismo.

A Ilustración ten as súas raíces nos cambios científicos e intelectuais do século XVII, especialmente na chamada Revolución Científica, representada por figuras como Isaac Newton ou Galileo Galilei. Estes científicos demostraron que o mundo podía explicarse mediante leis racionais e observación, sen recorrer á explicación relixiosa.

O centro principal da Ilustración foi Francia, mais as súas ideas espalláronse por Inglaterra, Alemaña, España e outras zonas de Europa e América.

Principais características da Ilustración

As características fundamentais da Ilustración foron:

- Confianza na razón: A razón humana considérase a ferramenta principal para coñecer a realidade e mellorar a sociedade. Fronte á tradición e á autoridade, a Ilustración propón pensar de maneira crítica.
- Defensa do progreso: As persoas ilustradas crían que a humanidade podía avanzar cara a unha sociedade máis xusta e feliz grazas ao coñecemento, á educación e ás reformas políticas.
- Crítica ao Antigo Réxime. Cuestionaron:
  - O poder absoluto dos reis e das raíñas.
  - Os privilexios da nobreza e do clero.
  - A intolerancia relixiosa.
- Non todas as persoas ilustradas defendían a democracia, pero si limitacións ao poder real e maior participación social.
- Importancia da educación
- A educación considerábase esencial para formar cidadanía crítica. Por iso impulsaron proxectos como a *Encyclopédie*, dirixida por Denis Diderot e Jean le Rond d'Alembert, que pretendía recoller todo o saber da época.

Principais pensadores e ideas

Entre os ideólogos máis importantes destacan tres figuras fundamentais:

Montesquieu

Defendeu a separación de poderes:

- Poder lexislativo (facer as leis).
- Poder executivo (aplicalas).
- Poder xudicial (xulgar o seu cumprimento).

Segundo Montesquieu, cando todos os poderes están na mesma persoa (como no absolutismo), existe risco de tiranía. A separación garante equilibrio e liberdade.
Tamén analizou como o clima, a economía ou as tradicións inflúen nas leis, o que supuxo unha visión moderna da política. Obra principal: *O espírito das leis* (1748).

Voltaire

Non foi un filósofo sistemático, senón un escritor moi combativo. As súas ideas principais foron:

- Defensa radical da liberdade de pensamento e expresión.
- Crítica á intolerancia relixiosa e ao fanatismo.
- Defensa dunha monarquía reformada por unha persoa monarca ilustrada (non era partidario da democracia).

- Voltaire confiaba nun “déspota ilustrado”: unha persoa monarca con formación racional que gobernase para mellorar a vida do pobo, pero sen renunciar ao poder.

Rousseau

É un dos pensadores máis influentes e tamén máis complexos. A súas ideas fundamentais foron:

- A soberanía reside no pobo, non no rei ou na raíña.
- A sociedade baséase nun contrato social: as persoas aceptan normas comúns para vivir en comunidade.
- A lei debe expresar a vontade xeral, é dicir, o interese común.

A diferenza de Voltaire, Rousseau tiña unha visión máis democrática e defendía maior participación política. Porén, tamén tiña contradicións: en obras como *Emilio*, defendía unha educación diferente para as mulleres, limitando o seu papel ao ámbito doméstico.

As súas ideas influíron profundamente na Revolución Francesa.

As mulleres no Século das Luces

Os ideais da Ilustración non se aplicaron do mesmo xeito ás mulleres. A maior parte das mulleres seguía excluída da vida política, da educación superior e da produción intelectual recoñecida.

Como era a vida das mulleres?

Mulleres privilexiadas. As mulleres pertencentes ás **familias nobres ou burguesas** tiñan acceso a unha certa educación, orientada principalmente á formación cultural e social. O seu papel principal seguía sendo o matrimonio e a xestión do fogar, pero podían participar indirectamente na vida cultural. En cidades como París ou Londres, algunhas mulleres organizaron os chamados salóns ilustrados, reunións celebradas en casas privadas con filósofos, científicos e escritores onde as anfitrioas actuaban como mediadoras culturais e contribuían á difusión das ideas ilustradas.

Mulleres non privilexiadas. A realidade era moi diferente para a maioría das mulleres, pertencentes aos **estamentos populares**. As **campesiñas** traballaban nas tarefas agrícolas xunto coa familia: cultivo, coidado do gando ou produción de alimentos. Nas cidades, moitas **mulleres traballadoras** dedicábanse a oficios artesanais, ao pequeno comercio ou ao servizo doméstico nas casas das familias acomodadas.

Esta diferenza entre mulleres de distintos grupos sociais mostra que, no século XVIII (dezaoito), as condicións de vida estaban profundamente condicionadas tanto polo xénero como pola posición social.

Grandes pensadoras e ideólogas

A pesar das limitacións existentes, algunhas mulleres lograron participar activamente na vida intelectual do seu tempo e cuestionar a desigualdade.

Olympe de Gouges. Durante a Revolución Francesa escribiu a ***Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá*** (1791). Neste texto criticaba que os dereitos proclamados pola revolución non incluísen ás mulleres e reclamaba igualdade política e xurídica. As súas ideas resultaron moi polémicas e acabou sendo executada durante o período do Terror.

Mary Wollstonecraft. Autora de ***Vindicación dos dereitos da muller*** (1792). Nesta obra defendía que as mulleres non eran inferiores por natureza, senón que a súa aparente inferioridade se debía á falta de educación. Por iso reclamaba unha educación similar para homes e mulleres.

Tamén existiron mulleres destacadas no ámbito científico. Un exemplo é **Laura Bassi**, profesora da Universidade de Boloña e unha das primeiras mulleres en ocupar unha cátedra universitaria en Europa. Bassi contribuíu á difusión das teorías de Newton e participou activamente nos círculos científicos do seu tempo.

Algo sobre o que pensar...
O caso das mulleres evidencia unha contradición da época. A maioría seguía excluída da educación superior, da vida política e das institucións de poder. Con todo, as ideas das pensadoras do século XVIII serviron de base para os movementos feministas posteriores.

4. O despotismo ilustrado

As novas ideas de liberdade ou igualdade que promovía a Ilustración chocaban co sistema absolutista vixente na maior parte de Europa. A reacción inicial das monarquías foi reprimir calquera intento de difusión do pensamento ilustrado. Con todo, a forza desas ideas foi tal que pronto se espallaron por todo o continente.

Ante esa situación, en moitos Estados instaurouse o **despotismo ilustrado**, unha nova forma de goberno que conxugaba o absolutismo con ideas reformistas propias da Ilustración. As monarquías rodeáronse de pensadores e ministros ilustrados para introducir certas modernizacións, sen que iso afectase á esencia do poder absoluto. O obxectivo do despotismo ilustrado condénsase na máxima **"Todo para o pobo, mais sen o pobo"**, isto é, mellorar a vida da cidadanía sen lles permitir formar parte do goberno.

O reformismo do despotismo ilustrado materializouse nos seguintes ámbitos:

- **Administración.** Reformas fiscais na recadación de impostos e maior centralización da burocracia.
- **Economía.** Fomento do comercio e da agricultura con diferentes reformas agrarias.
- **Educación e cultura.** Creación de academias, universidades e bibliotecas.
- **Relixión.** Limitación do poder da Igrexa por parte do Estado (regalismo) e maior tolerancia relixiosa.
- **Urbanismo.** En moitas cidades deseñáronse trazados urbanísticos máis racionais, moitos deles con rede de sumidoiros ou alumeado público.

Os exemplos máis representativos de monarcas do despotismo ilustrado son:

- Federico II de Prusia
- Catalina II de Rusia
- Xosé II de Austria
- Carlos III de España

5. Unha arte, unha época

A arte como expresión dunha nova época: rococó, Neoclasicismo e Romanticismo

O Século das Luces verá nacer **novos movementos artísticos** que recollen os cambios de mentalidade que atravesa a Europa do XVIII:

O rococó

O rococó foi o movemento artístico que predominou en Europa durante a primeira metade do século XVIII. Xurdiu en Francia, desde onde se expandiu a outros países, como reacción lixeira contra a severidade do Barroco. É polo tanto un estilo decorativo, elegante e refinado. Trazos principais:

- **Ornamentación exuberante.** Abundancia de decoración con formas curvas e sinuosas, moitas veces inspiradas na natureza: flores, follas, cunchas, volutas...
- **Cores suaves.** En pintura abundan os tons pastel: rosa, azul claro, verde suave...
- **Temática galante e despreocupada.** Son habituais as escenas da vida cortesá e aristocrática, de tipo amoroso e festivo, e mesmo cun ton sensual. Tamén aparecen escenas mitolóxicas, ou de tipo pastoril. En todas elas desaparece a carga dramática do Barroco.

En arquitectura son salientables palacios como o de Sanssouci (Alemaña) ou Queluz (Portugal). En pintura destacan artistas franceses como Watteau, Boucher e Fragonard. Este último é autor dun dos cadros máis célebres do rococó: *A randeeira*.

Jean-Antoine Watteau: O embarque para a illa de Citera (1717)

Fragonard: A randeeira (1767)

G. W. von Knobelsdorff: Palacio de Sanssouci, Postdam, Alemaña (1745-1747)

O Neoclasicismo

O Neoclasicismo é o movemento artístico que se impón desde mediados do século XVIII ata xa entrado o XIX. Xorde como reacción ante a frivolidade e os excesos decorativos do rococó e do Barroco, buscando unha arte máis racional e austera que exprese os novos ideais da Ilustración. Non en van, o Neoclasicismo triunfa durante a Revolución Francesa e o imperio napoleónico. Igual que o rococó, nace en Francia e desde alí esténdese por Europa e América.

Trazos principais:

- **Racionalidade**. É unha arte ligada á Ilustración, polo que se valoran os conceptos de razón, orde e moralidade por riba das emocións.
- **Influencia clásica**. Considérase que a arte que mellor condensa eses ideais é a do pasado grecorromano, que agora trata de emularse. En arquitectura son habituais elementos como frontóns, cúpulas, columnas e as ordes clásicas (dórica, xónica e corintia). Son exemplo o Panteón de París ou a Porta de Brandenburgo (Berlín).
- **Temática mitolóxica ou histórica**, exaltando episodios patrióticos ou virtudes cívicas.

En **pintura** predomina o debuxo sobre a cor. As composicións son sempre ordenadas e equilibradas, cunha luz diáfana que evita fortes contrastes. Destacan pintores franceses como David e Ingres.

A **escultura** é serena e proporcionada, con predominio do mármore. O escultor neoclásico máis salientable é o italiano Antonio Canova.

J. G. Soufflot: Panteón de París

O xuramento dos Horacios

Antonio Canova: Perseo coa cabeza de Medusa (1800-1801)

O Romanticismo

O Romanticismo foi un movemento cultural que se desenvolveu en Europa entre finais do século XVIII e mediados do XIX. Expresouse de xeito singular en pintura, literatura e música. Preséntase como oposición á severidade racional do Neoclasicismo, defendendo o predominio das emocións, a subxectividade e a liberdade creativa.

Trazos principais:

- **Subxectividade e emoción**: predominio dos sentimentos sobre a razón. Represéntanse as paixóns, os soños e o mundo da **imaxinación**.
- **Liberdade e individualismo**. O "eu" tórnase o centro da creación artística, por riba do colectivo. Culto ao xenio e á orixinalidade creativa.
- **Pesimismo e melancolía**. Esténdese o mito de artistas atormentados polas emocións.
- **Nacionalismo**. Rememóranse con nostalxia episodios do pasado que se consideran gloriosos para a identidade da nación, sobre todo da Idade Media. Exáltanse a idea de patria e as tradicións nacionais.
- **Natureza**. A natureza aparece como refuxio e espello do estado emocional do artista.
- **Pintoresquismo**. Recréanse escenarios exóticos ou fantasiosos, de inspiración oriental, ou con predominio de ruínas.
- **Liberdade formal**: ruptura coa rixidez das regras clásicas.

A pintura será a arte que máis se desenvolva. Predomina o uso da cor sobre o debuxo, e os contrastes de luces e sombras. Porén, o principio de subxectividade dará pé a expresións formais diferentes entre artistas. Destacan nomes como T. Géricault, E. Delacroix, C. D. Friedrich, W. Turner ou H. Lorimier.

C. D. Friedrich: O camiñante sobre o mar de nubes (1817-1818)

E. Délacroix: A liberdade guiando o pobo (1830)

W. Turner: Chuvia, vapor e velocidade (1844)

Un artista atemporal: Goya

Francisco José de Goya y Lucientes foi un pintor que retratou a sociedade e os cambios políticos da súa época. Considérase como un dos artistas máis importantes da historia da pintura. A través da súa obra, pódense explicar os principais acontecementos da España de finais do século XVIII e principios do XIX.

A súa arte

A súa produción pictórica resume a crise do Antigo Réxime e a chegada das ideas liberais a España, ademais de ser considerado como un artista que influíu no impresionismo, no expresionismo e no surrealismo.

Recolleu todo tipo de temas: costumistas, relixiosos, históricos e os retratos.

Os cartóns. Unha sociedade amable

A pradeira de San Isidro

- Pintou composicións relixiosas, destacando a cúpula "Regina Martyrum" da basílica do Pilar.
- En Madrid, traballou nos cartóns para a Real fábrica de tapices de Santa Bárbara.
- Os temas eran de carácter costumista, reflectindo dunha forma amable a sociedade madrileña do Antigo Réxime.
- Son pinturas cheas de luz e cor, moi do gusto neoclásico e rococó.
- Destacan obras como “O parasol”, “A galiña cega” ou “A pradeira de San Isidro”.

Os retratos. O traballo na Corte

A familia de Carlos IV

- Conseguiu ser pintor da Corte dos reis Carlos III, Carlos IV e Fernando VII.
- Destacan os retratos de nobres, reis e a personaxes importantes da época. Tamén de persoas da rúa.
- Son pinturas con moitas cores e cun uso da luz para crear ambiente e darlle volume ás figuras.
- As composicións de carácter neoclásico.
- Non son simples retratos, senón que reflicten perfectamente o carácter da persoa retratada.
- Nos cadros nótase por quen sentía antipatía e simpatía.
- Destacan os retratos de “Carlos III”, “Floridablanca”, “Jovellanos” , “A maja espida”, “A maja vestida” e, sobre todo, “A familia de Carlos IV”

Os gravados. A enfermidade

O sono da razón produce monstros

- Goya, padeceu unha grave enfermidade que lle deixou unha pegada terrible: unha xordeira.
- Caeu nunha forte depresión e illamento.

- Nesa época estalou a Revolución Francesa e moitos dos seus amigos ilustrados comezaron a seren perseguidos.
- Levou a cabo unha serie de 80 gravados, os Caprichos.
- Neles, denúncianse os vicios da sociedade da súa época.
- Critica a ignorancia, a Igrexa, a fidalguía e as crenzas populares.
- Usou o claroscuro e figuras de animais e de seres grotescos.
- Cada gravado leva un texto que axuda a entendelo.
- Elaborou outras series de gravados ao longo da súa vida como os" Disparates" ou "Proverbios", onde criticou o Antigo Réxime, ou "Tauromaquia", onde amosou a súa paixón polas corridas de touros.

Os fusilamentos do tres de maio

A temática da guerra. Maldita Guerra!

- No 1808 as tropas napoleónicas invadiron España, dando comezo á Guerra de Independencia, que durou ata 1814.
- Pintou unha serie de gravados sobre as atrocidades que os soldados franceses cometeron no país; os Desastres da Guerra.
- Tamén pintou dous cadros sobre esa guerra, quizás os máis importantes da súa produción; “A carga dos mamelucos” e “Os fusilamentos do 3 de maio”.
- Neles, amosou a loita do pobo contra a invasión francesa e o seu sufrimento por mor da guerra.
- Destaca o dramatismo nos rostros dos personaxes, a violencia, os contrastes de luz e sombras e a pincelada solta.

Saturno devorando o seu fillo

As Pinturas Negras. O pesimismo

- A súa decepción co ser humano, a angustia na que vivía e o seu pesimismo co mundo reflectiuno en catorce obras, as Pinturas Negras, que pintou nos muros da súa casa, a Quinta do Xordo.
- Moitos anos despois pasáronas a lenzos.
- Son escenas con personaxes sinistros, con rostros deformados e cun protagonismo dos tons escuros e con pouca cor.
- Destacan “Saturno devorando o seu fillo”, “Duelo a mocazos” ou “A romaría de San Isidro”.


A leiteira de Bordeos

As últimas pinturas. Recuperando o optimismo

- Despois da restauración do absolutismo en España, logo dun período liberal de tres anos (1820-1823), exiliouse voluntariamente a Bordeos (Francia).
- Pintou a obra “A leiteira de Bordeos”. Neste cadro recuperou o colorido e a luz, reflexo de certo optimismo na súa vida.
- Morreu no 1828.

Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 6: Antoine Watteau. O embarque para a illa de Citera (1717) (Dominio público)
Páxina 6: Jean-Honoré Fragonard. A randeeira (1767) (Dominio público)
Páxina 6: Raymond. Georg Wenzeslaus von Knobelsdorff: Palacio de Sanssouci, Postdam, Alemaña (1745-1747) (CC BY-SA)
Páxina 7: Moonik. Jacques-Germain Soufflot: Panteón de París (CC BY-SA)
Páxina 7: Jacques-Louis David. O xuramento dos Horacios (1784) (Dominio público)
Páxina 7: Ricardo André Frantz. Antonio Canova: Perseo coa cabeza de Medusa (1800-1801) (CC BY-SA)
Páxina 8: Caspar David Friedrich. O camiñante sobre o mar de nubes (1817-1818) (Dominio público)
Páxina 8: Eugene Délacroix. A liberdade guiando o pobo (1830) (Dominio público)
Páxina 8: J. M. W. Turner. Chuvia, vapor e velocidade (1844) (Dominio público)
Páxina 9: Francisco de Goya. A pradeira de San Isidro (Dominio público)
Páxina 9: Francisco de Goya. A familia de Carlos IV (Dominio público)
Páxina 9: Francisco de Goya. O sono da razón produce monstros (Dominio público)
Páxina 10: Francisco de Goya. Os fusilamentos do tres de maio (Dominio público)
Páxina 10: Francisco de Goya. Saturno devorando o seu fillo (Dominio público)
Páxina 10: Francisco de Goya. A leiteira de Bordeos (Dominio público)

"Resumo de contidos: Pensar, gobernar e crear: a Ilustración e o Século das Luces", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0